

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 25/08/2015 ás 11:10 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato de servizos do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, segundo o expediente aprobado na XGL do 29/07/2015, formada por D. Klaus Brey Montaña, que actuará como presidente; D^a. María Cacharro López (secretaria da corporación); D. Manuel Quintáns Queiruga (interventor da corporación); D^a. Amparo Pérez Ferreiro, que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.

Está presente na mesa, ademais dos membros que a compoñen, Dna. Pilar Peón Iglesias, concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación e Sanidade. Non asiste ningún representante das Empresas concurrentes.

Queda a Mesa constituída, e dase conta da proposta da Alcaldía sobre admisión/exclusión das propostas presentadas, logo do exame limitado ás declaracións responsables e o exterior dos sobres presentados xunto con elas.

Dase conta asímesmo da entrada no Rexistro Xeral do Concello (data 19.08.2015 con nº de rexistro 3.860) dunha cédula de notificación de dilixencia de embargo de bens por parte do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, Tesoureiría Xeral da Seguridade Social, contra a empresa CONFOROCIO CONSULTORA, S. L., nº de expediente 36 01 14 00193786.

A mesa de contratación, logo de comprobar este documento e os demais sobres presentados, declara admitidas as seguintes proposicións:

1. Núm. de rexistro de entrada: 3677. Empresa: LiiBéLuLa, SC.
2. Núm. de rexistro de entrada: 3690. Empresa: Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE.
3. Núm. de rexistro de entrada: 3767. Empresa: Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.

E declara excluída a seguinte proposición, por non cumprir co establecido no artigo 60, apartado d) do texto refundido la Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

1. Núm. de rexistro de entrada: 3777. Empresa: Conforocio Consultora, SL.

No expediente quedan todas as proposicións presentadas, tanto as admitidas como as rexeitadas.

Ao non formularse ningunha reclamación, procédese á apertura dos sobres «B», co seguinte resultado:

- 1 Empresa: LiiBéLuLa, SC.- Non se observa defecto.
- 2 Empresa: Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE.- Non se observa defecto.
- 3 Empresa: Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.- Non se observa defecto

Despois de comprobar as proposicións, xa que non se observou ningún defecto, remítense estas aos servizos técnicos para a súa valoración dacordo cos criterios e coa ponderación establecidos no prego.

Queda convocada a seguinte sesión, para dar conta do informe dos devanditos servizos técnicos, apertura dos sobres “A” e proposta de clasificación das ofertas, para **ás 10,00 horas** do día **31 de agosto de 2015**, nesta mesma sala de xuntas do Concello de Silleda.


O presidente dá por rematada a reunión ás 11,30 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Silleda, 25 de agosto de 2015

A mesa de contratación


O Presidente

Klaus Brey Montaña




O Secretario

Julio Méndez Castro




Vogais:

María Cacharro López



Manuel Quintáns Queiruga



Amparo Pérez Ferreiro